



O presente documento estará
 exposto no Taboeiro de
 Anuncios desta Deputación
 desde o día 3-08-2021
 ata a día 24-08-2021
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 15.01.2021, apróbase a convocatoria e as bases específicas do proceso selectivo para a creación dunha listaxe de emprego de temporal de TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 023, do 29.01.2021).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota discapacitados) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020, corrección erros BOP núm. 161, do 15.07.2020. As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 20.07.2021.

A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a Presidencia da entidade para que aprobe a creación da listaxe para prestar servizos temporais como Técnico/a Superior en Protocolo na Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo.

Á vista do sinalado propónse á Presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a creación dunha listaxe de emprego temporal de TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO, grupo A - subgrupo A1, aprobando a inclusión da persoa aspirante proposta polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	PARADA SENRA, MARÍA	30,180

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que

	IV7E3UD2OFMYUWOLCL7D4MXFGI	Fecha y Hora	03/08/2021 12:42:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E3UD2OFMYUWOLCL7D4MXFGI	Página	1/2



O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 3-08-2021
ata a día 24-08-2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA



se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- Confirmar que esta listaxe terá vixencia, para a persoa incluída na mesma, dende a data de publicación da proposta do Tribunal na web corporativa da Deputación de Lugo (20.07.2021)."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 26-07-2019
O DEPUTADO PROVINCIAL,

A SECRETARIA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7E3UD2OFMYUWOLCL7D4MXFGI	Fecha y Hora	03/08/2021 12:42:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7E3UD2OFMYUWOLCL7D4MXFGI	Página	2/2

